

# I. Disposicións xerais

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**12395** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 1547/2004, do 25 de xuño, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións cunícolas. («BOE» 159, do 2-7-2004.)*

Advertidos erros no Real decreto 1547/2004, do 25 de xuño, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións cunícolas, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 8, do 1 de xullo de 2004, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1483, primeira columna, no artigo 1.3, debe suprimirse o derradeiro parágrafo.

Na páxina 1484, primeira columna, no artigo 4.1.a).5.<sup>a</sup>, debe suprimirse o segundo parágrafo «As actuacións 2.<sup>a</sup>, 3.<sup>a</sup> e 4.<sup>a</sup> non serán de aplicación no caso dos matoiros cunícolas».

Na páxina 1484, segunda columna, no artigo 4.1.g), onde di: «... libro de tratamentos...», debe dicir: «... rexistro de tratamentos...».

Na páxina 1486, primeira columna, no artigo 9.d), onde di: «Levar e manter actualizado o correspondente libro de rexistro de tratamentos medicamentosos previsto no artigo 8 do Real decreto 1749/1998...», debe dicir: «Levar e manter actualizado o correspondente rexistro de tratamentos medicamentosos cos datos previstos no artigo 8 do Real decreto 1749/1998...». E onde di: «O libro de rexistro de tratamentos medicamentosos deberase conservar...», debe dicir: «O rexistro de tratamentos medicamentosos deberase conservar...».

Na páxina 1487, primeira columna, no anexo I, debe suprimirse o derradeiro parágrafo.

Na páxina 1487, segunda columna, no anexo II.2, onde di: «Os animais que saian dunha explotación cunícola con destino distinto ao sacrificio poderán realizar este movemento soamente cara a unha explotación cuxa cualificación sanitaria sexa igual ou inferior á da explotación de orixe.», debe dicir: «O movemento dos animais entre explotacións só se poderá realizar cando a saída de animais desde unha explotación sexa cara a outra que teña unha cualificación sanitaria igual ou inferior á de orixe.»

## XEFATURA DO ESTADO

**12468** *REAL DECRETO LEI 4/2004, do 2 de xullo, polo que se adoptan determinadas medidas relacionadas cos danos ocasionados polo accidente do buque «Prestige». («BOE» 160, do 3-7-2004.)*

A gravidade da situación producida polo accidente do buque «Prestige» deu lugar á adopción dunha serie

de medidas urxentes tendentes a articular mecanismos de reparación de danos aos afectados. Entre tales medidas, aprobouse o Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, que introduciu un sistema de anticipo de indemnizacións ao cal podían acollerse voluntariamente os afectados por danos ocasionados en España como consecuencia do accidente do buque «Prestige».

Agora ben, o Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, ao regular o réxime de pagamento das indemnizacións e a dispensación dos fondos, introducía unha dobre limitación: por unha banda, estipulábase un límite máximo de pagamento polo Instituto de Crédito Oficial (ICO) que, para todos os conceptos indemnizables, ascendía a 160 millóns de euros, e por outra banda, condicionábase o pagamento de cantidades polo ICO ao ingreso previo na mencionada entidade das cantidades que lle puidesen corresponder ao Estado como consecuencia do sinistro.

Ambas as limitacións financeiras, unidas aos importantes desembolsos xa realizados para indemnizar os afectados, están provocando, por unha banda, problemas de tesouraría que lle impiden ao ICO facer fronte aos pagamentos que resultan da subscrición de novos acordos transaccionais e convenios de colaboración con entidades públicas que se encontran en trámite. Pero, ademais, as previsións dos fondos necesarios para poder efectuar os pagamentos de todos os acordos transaccionais e convenios a que se refería o sinalado real decreto lei poñen de manifesto unha notoria insuficiencia do mencionado límite de 160 millóns de euros.

As circunstancias mencionadas aconsellan, neste momento e pola vía de urxencia, reconsiderar as condicións e requisitos de financiamento e pagamento das indemnizacións derivadas dos acordos transaccionais e convenios de colaboración. En primeiro lugar, elimínase o sinalado límite de 160 millóns de euros para o pagamento das indemnizacións e, así mesmo, o requisito de previa disposición do ICO de fondos procedentes do Fondo Internacional de Indemnización de Danos debidos a Contaminación por Hidrocarburos (FIDAC) ou outros mecanismos de financiamento especial que se conteñen no artigo 2 do sinalado Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño. Deste xeito, no novo esquema, o ICO atenderá por conta do Estado ao pagamento das indemnizacións derivadas dos acordos e convenios, cargando as correspondentes contías ao fondo de provisión do organismo regulado no punto 4 da disposición adicional sexta do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro. Loxicamente, isto supón a necesidade de ampliar a dotación do Estado ao fondo alén do límite previsto no artigo 53 da Lei 61/2003, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2004, coa cantidade necesaria para garantir a suficiencia do dito fondo, tendo en conta as previsións estimativas de pagamento de acordos con particulares e de convenios con corporacións locais e comunidades autónomas, incluídas as estimacións de gastos indemnizables relativos ao tratamento de lodos procedentes da vertedura.

Este novo sistema aplicarase aos acordos e convenios que se subscriban con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei, de xeito que non se verían afectados os acordos transaccionais asinados ata a data, que xa foron pagados polo ICO, e que serían plenamente

válidos en todos os seus extremos. Adicionalmente, estimouse conveniente prever a posibilidade de utilizar transitoriamente os fondos aínda dispoñibles en poder do ICO, procedentes do sistema de financiamento actual, para o pagamento de indemnizacións. Por último, e en coherencia cos novos mecanismos regulados, prevese que os ingresos que no futuro poidan ser recibidos polo Estado do FIDAC, ou por calquera outro concepto, se apliquen ao orzamento de ingresos do Estado.

Por outra banda, de forma complementaria e independente ao sistema de acordos transaccionais introducido polo Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, esta norma trata de coadruar ao resarcimento dos afectados no caso de que os efectos da derrama de hidrocarburos do buque «Prestige» se estendan no tempo provocando unha diminución notoria no índice de capturas e cultivos nas actividades de pesca, marisqueo e acuicultura.

Para iso, arbrábase, ben que limitado na súa contía, un sistema específico de compensación das perdas económicas que se poidan producir nas ditadas actividades naquel período en que, tendo en conta a data da catástrofe, puidese aínda existir unha incidencia directa e inequívoca desta.

Do mesmo xeito que se sinalaba no Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, as modificacións e medidas complementarias adoptadas polo real decreto lei que agora se dita non supoñen en ningún caso recoñecemento de responsabilidade polo Estado e adóptanse sen prexuízo do dereito que asiste o Estado para reclamar dos responsables o importe das indemnizacións que corresponden.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia e do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de xullo de 2004,

## DISPÓN O:

**Artigo 1. *Pagamento das indemnizacións en relación cos danos ocasionados polo accidente do buque «Prestige».***

1. As indemnizacións derivadas dos acordos transaccionais con particulares e convenios con administracións públicas reguladas no Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, sobre actuacións para o aboamento de indemnizacións en relación cos danos ocasionados polo accidente do buque «Prestige», e nas súas normas de desenvolvemento serán pagadas por conta do Estado polo Instituto de Crédito Oficial (ICO), nos termos e contías que se conteñan nos ditos acordos ou convenios, sen que resulte de aplicación o límite de 160 millóns de euros a que se refiren os artigos 1 e 6 do dito real decreto lei.

2. Os ditos pagamentos serán cargados polo ICO ao fondo de provisión regulado no punto 4 da disposición adicional sexta do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, que, para estes efectos, será dotado cos recursos necesarios, equivalentes ás cantidades que o ICO debe satisfacer en virtude da obriga de pagamento a que se refire o punto anterior.

3. As cantidades que reciba o Estado do Fondo Internacional de Indemnización de Danos debidos a Contaminación por Hidrocarburos (FIDAC) ou por calquera outro concepto con posterioridade á data de entrada en vigor deste real decreto lei aplicaranse ao orzamento de ingresos do Estado.

**Artigo 2. *Compensación de determinadas perdas económicas derivadas do accidente do buque «Prestige».***

1. Os titulares de actividades económicas de pesca, marisqueo e acuicultura que, con posterioridade ao 31 de decembro de 2003, experimenten perdas económicas nas ditadas actividades que sexan consecuencia directa e inequívoca da derrama provocada pola catástrofe do buque «Prestige» poderán solicitar unha compensación polas perdas producidas no exercicio 2004.

2. A solicitude deberase presentar antes do trinta e un de marzo de 2005. Regulamentariamente, fixaranse os requisitos e condicións da compensación, entre os que figurará o da produtividade, e os órganos competentes e procedementos para a súa tramitación e pagamento.

3. O límite máximo de fondos dispoñibles para esta compensación fíxase en tres millóns de euros. En caso de insuficiencia do dito límite para compensar todas as perdas comprobadas, os fondos distribuiranse entre os afectados atendendo a criterios de proporcionalidade nos termos que se fixen regulamentariamente.

4. A percepción, se é o caso, das compensacións enténdese sen prexuízo dos pagamentos que se efectúen como consecuencia dos acordos transaccionais a que se refire o artigo 6 do Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, sobre actuacións para o aboamento de indemnizacións en relación cos danos ocasionados polo accidente do buque «Prestige».

**Disposición adicional única. *Dotación ao fondo de provisión.***

Con cargo aos recursos do préstamo do Estado a que se refire o punto primeiro do Acordo do Consello de Ministros, do 11 de decembro de 1987, o Consello de Ministros dotará o fondo de provisión constituído no ICO, durante 2004 e con xustificación das necesidades, dun incremento adicional de 249,5 millóns de euros sobre o límite establecido no artigo 53.cuatro da Lei 61/2003, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2004.

**Disposición transitoria única.**

1. Non obstante o disposto neste real decreto lei, se na data da súa entrada en vigor subsistisen fondos en poder do ICO provenientes das cantidades recibidas polo Estado do FIDAC como consecuencia do sinistro e dos ingresos xerados polo financiamento especial previsto na disposición adicional segunda do Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, os ditos fondos poderanse aplicar ao pagamento de acordos transaccionais xa asinados ou que se asinen nos tres meses seguintes á dita data, de acordo cos procedementos e requisitos previstos na redacción orixinal do sinalado Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño. Se transcorridos eses tres meses aínda subsistisen fondos en poder do ICO, aplicaranse ao orzamento de ingresos do Estado.

2. En todo caso, o disposto neste real decreto lei non afectará os acordos transaccionais xa asinados nin os pagamentos efectuados antes da súa data de entrada en vigor, que conservan plenamente a súa validez para todos os efectos, nin aqueles acordos asinados e pagados de acordo co previsto no punto anterior.

**Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.***

1. Derróganse os artigos 2 e 7 do Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, sobre actuacións para o aboa-

mento de indemnizacións en relación cos danos ocasionados polo accidente do buque «Prestige».

2. Quedan sen efecto as referencias ao límite de 160 millóns de euros contidas nos artigos 1 e 6 do Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación de desenvolvemento.*

Habílitase o Goberno e os distintos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de xullo de 2004.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**12472** *REAL DECRETO 1596/2004, do 2 de xullo, polo que se regula a transmisión de posibilidades de pesca entre os buques pertencentes ao Censo das frotas de altura, grande altura e buques palangreiros maiores de 100 toneladas de rexistro bruto, que operan dentro dos límites xeográficos da Comisión de Pesca do Atlántico Nordeste. («BOE» 160, do 3-7-2004.)*

A Orde Ministerial do 12 de xuño de 1981, pola que se ordena a actividade pesqueira das frotas de altura e grande altura que operan dentro dos límites xeográficos da Comisión de Pesca do Atlántico Nordeste (NEAFC), establece a normativa de aplicación ás empresas pesqueiras titulares de buques con dereito a pescar nas devanditas augas. Para estes efectos, na dita orde figuraba como anexo I, que foi obxecto de posteriores actualizacións, a relación de buques, como censo cerrado, que na data do 23 de abril de 1980 tiñan recoñecidos tales dereitos xunto aos coeficientes de importancia das correspondentes asociacións. Así mesmo, estableceu os requisitos conforme os cales as empresas poderían acumular dereitos de pesca nos seus buques, así como os supostos en que perderían tales dereitos, co fin de respectar as limitacións de esforzo existentes para os buques de pavillón español de acordo co previsto na regulamentación comunitaria. O mencionado anexo foi obxecto de actualizacións para ter en conta as adaptacións producidas no censo, cuxa última modificación é a da Resolución da Secretaría Xeral de Pesca Marítima, do 24 de setembro de 2003, pola que se dispón a publicación da actualización do Censo das frotas de altura, grande altura e buques palangreiros maiores de 100 toneladas de rexistro bruto (TRB) que operan dentro dos límites xeográficos da Comisión de Pesca do Atlántico Nordeste.

O sistema de acumulación de dereitos regulado na citada Orde do 12 de xuño de 1981 foi potenciado mediante a Orde ministerial do 12 de xuño de 1992, que estableceu a posibilidade de manter acumulados os dereitos de acceso dos buques retirados da actividade noutros buques do mesmo censo, aínda que a retirada da actividade supuxese a percepción de primas de despezamento.

A Lei 23/1997, do 15 de xullo, de ordenación do sector pesqueiro de altura e grande altura que opera dentro dos límites xeográficos da Comisión de Pesca do Atlántico Nordeste (NEAFC), estableceu a posibilidade de que as empresas pesqueiras con buques incluídos no Censo da frota española de NEAFC puidesen allear, ceder ou transmitir, entre si, total ou parcialmente, os dereitos de acceso ás diferentes zonas de pesca, logo de autorización do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, co fin de racionalizar a actividade pesqueira da frota no seu conxunto e sempre que non derivasen prexuízos para terceiros. A xustificación de restrinxir a transmisión entre buques do mesmo censo deriva da orixinaria «frota dos 300», a cal se elaborou a partir das posibilidades de pesca recoñecidas á frota española que pescaba en augas NEAFC, no Tratado de Adhesión de España e Portugal ás Comunidades Europeas.

Finalmente, polo Real decreto 1915/1997, do 19 de decembro, desenvolveuse a citada Lei 23/1997, do 15 de xullo, establecendo os requisitos para a transmisión dos dereitos de acceso dos buques das frotas de altura e grande altura e buques palangreiros maiores de 100 TRB e recoñecendo tanto as acumulacións de dereitos de acceso que se produciran ao abeiro das citadas ordes ministeriais do 12 de xuño de 1981 e 12 de xuño de 1992, como as que se seguían realizando ao abeiro destas. Como anexo do real decreto publicouse a relación de dereitos de acceso recoñecidos a cada buque por subzona, así como os quilowatts de esforzo que correspondían a cada buque tendo en conta os niveis máximos anuais de esforzo asignados a España nas ditas subzonas polo Regulamento (CE) n.º 2027/95 do Consello, do 15 de xuño de 1995, polo que se establece un réxime de xestión do esforzo pesqueiro relativo a determinadas zonas e recursos pesqueiros comunitarios.

A finalización do período transitorio previsto no artigo 166 do Acta de Adhesión de España ás Comunidades Europeas supuxo a perda de vigor a partir do 1 de xaneiro de 2003 do citado Regulamento (CE) n.º 2027/95, por tratarse dunha norma de adaptación do período transitorio, e en particular dos niveis de esforzo asignados a España en situación discriminatoria.

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, establece no seu artigo 28 o concepto de posibilidade de transmisión de posibilidades de pesca entre os buques, logo da autorización do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, de conformidade co procedemento e os criterios que regulamentariamente se determinen, os cales estarán dirixidos a evitar a infrautilización de posibilidades de pesca por excesiva acumulación destas nun buque e facer rendible a operatividade da frota fixando para cada buque un límite mínimo de posibilidades por debaixo do cal debe abandonar a pesqueira. Ademais, establece a necesidade de xustificar que a transmisión de posibilidades estea restrinxida a buques ou grupos de buques pertencentes a determinadas categorías ou censos.

A finalidade deste real decreto é conseguir a máxima racionalización da actividade pesqueira da frota de NEAFC, e impedir que se poidan producir operacións que non teñan como finalidade a adecuación da frota ás posibilidades reais de pesca no caladoiro, polo que se considera necesario establecer o límite mínimo de posibilidades de pesca que deberán manter os buques